

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 28 de abril de 2010 pola que procede á convocatoria das probas para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas reguladas no Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas e na Orde de 21 de abril de 2010 pola que se aproban as bases xerais das probas para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.*

O Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas (DOG n.º 24, do 5 de febreiro), establece no seu artigo 6.1º que para desenvolver a función de control de acceso deberá contarse coa habilitación da dirección xeral con competencia na materia, logo da obtención do certificado acreditativo de ter superado as probas previstas no artigo 5 da norma mencionada, expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública.

Igualmente, o artigo 2 da Orde do 21 de abril de 2010 pola que se aproban as bases xerais das probas para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas (DOG núm. 78, do 28 de abril de 2010), establece que corresponde ao director/a xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, mediante resolución, proceder á convocatoria das probas para a obtención da habilitación a que se refire o citado Decreto 8/2010.

Como consecuencia do anterior, e en virtude das competencias que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

##### Primeiro.-*Convocatoria.*

Convócanse as probas para a obtención do certificado acreditativo do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, segundo o establecido nas bases xerais recollidas na Orde do 21 de abril de 2010.

##### Segundo.-*Documentación das solicitudes.*

Os/ás interesados/as deberán presentar as solicitudes na forma e nos lugares especificados no artigo 4 das bases xerais.

Á solicitude, segundo modelo oficial que figura no anexo I das bases xerais, xuntaráse toda a docu-

mentación preceptiva especificada no artigo 4 das citadas bases xerais e no propio modelo oficial normalizado.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A falta de xustificación do pagamento íntegro da taxa por dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de solicitudes, determinará a exclusión do/ da aspirante do proceso, sen que sexa posible emendar tal deficiencia nun momento posterior. Establécese como anexo II á presente resolución o impreso de autoliquidación de taxas (anexo IV da Orde do 21 de abril de 2010). Este impreso facilitaráselles aos/ás interesados/as no Rexistro Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas delegacións provinciais e na Academia Galega de Seguridade Pública, e deberá cubrirse cos códigos que figuran no referido anexo II desta resolución.

En ningún caso, o pagamento da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación da solicitude de participación nas presentes probas, no prazo, lugares e forma establecidas nas bases xerais.

##### Terceiro.-*Admisión de aspirantes.*

A admisión dos aspirantes realizarase nos prazos e na forma prevista no artigo 5 das bases xerais.

##### Cuarto.-*Data e lugar de realización das probas.*

A data e lugar de realización das probas faranse públicos na resolución da dirección xeral da Agasp que faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos á realización destas.

A actuación dos/as aspirantes terá lugar por orde alfabético e estes haberán de acudir ás probas portando o DNI, pasaporte ou o permiso de residencia e traballo en vigor en España.

As probas realizaranse na sede da Agasp (Avda dá Cultura, s/n, A Estrada, Pontevedra).

##### Quinto.-*Composición do tribunal cualificador.*

1. O tribunal cualificador das probas correspondentes a esta convocatoria está formado polos seguintes membros titulares e suplentes:

-Tribunal titular:

Presidenta: Mónica Mª Castro Pérez.

Secretaria: Edelmira Aguete Pesqueira.

Vogais:

Guillermina Núñez Rodríguez.

Jesús Lata Buceta.

Daniel Sansó-Rubert Pascual.

-Tribunal suplente:

Presidente: Antonio Rodríguez Álvarez.

Secretaria: María Jesús Andújar Picáns.

Vogais:

José Antonio Fernández López.

José González Cores.

José Julio Fernández Rodríguez

2. A súa actuación e funcionamento rexerá polo disposto para os órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexta.-*Contido e desenvolvemento das probas.*

Para obter a habilitación de persoal de control de acceso será necesario superar a proba de coñecementos e a proba psicolóxica, referidas no artigo 7 das bases xerais.

Sétima.-*Cualificación das probas.*

As probas cualificaranse como apto ou non apto e será necesario alcanzar a cualificación de apto nas dúas probas para poder obter a habilitación profesional.

Oitavo.-*Aspirantes declarados aptos.*

1. Concluídas as probas, o tribunal cualificador fará públicas e elevará á Dirección Xeral da Agasp as relacións dos/das aspirantes declarados/as aptos/as, a teor do disposto no artigo 10 das bases xerais.

2. A Dirección Xeral da Agasp remitirá á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, dirección xeral competente en materia de xogo e espectáculos públicos, a lista definitiva dos/das aspirantes declarados/as aptos/as e procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios da Agasp e na páxina web da Agasp <http://agasp.xunta.es/>.


Noveno.-*Expedición da habilitación do persoal de control de acceso.*

A expedición da habilitación do persoal de control de acceso necesaria para desenvolver a función de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas realizaráa a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na forma prevista no artigo 11 das bases xerais.

A Estrada, 28 de abril de 2010.

José Carlos García Bouzas  
Director xeral da Academia Galega  
de Seguridade Pública

ANEXO

 <b>CONSELLERÍA DE FACENDA</b>	<b>TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b> <small>Lei 6/2003, do 9 de decembro Decreto 61/2005, do 7 de abril</small> <b>AUTOLIQUIDACIÓN</b>	<b>Modelo</b> <span style="font-size: 2em; font-weight: bold;">A</span> <b>EUROS</b>	A10102568 3.....	Códigos: 0 4 Códigos: 4 0 Códigos: 1 9	Códigos: 3 0 4 2 0 0			
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Delegación de Pontevedra Servizo de Academia Galega de Seguridade Pública Taxa: denominación: participación nas probas para a obtención do certificado de profesionalidade..... Código:								
NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NÚMERO	ESCAL	PISO	PORTA	TELÉFONO	CÓDIGO POSTAL
VÍA PÚBLICA	PROVINCIA							
CONCELLO								
SUXEITO PASIVO	TIPO OU TARIFA		€		IMPORTE PARA INGRESAR		TOTAL	
							32,64 €	
BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES			LIQUIDACIÓN					
..... de ..... de 20..... Sinatura do declarante ou representante legal								
Selo			Data			Número		
<b>IMPORTANTE:</b> o ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.								

EXEMPLAR PARA O INTERESADO/PARA A ENTIDADE BANCARIA/PARA A ADMINISTRACIÓN